

**ACORDOS NÚMERO 10/2015**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DÍA 30 DE XULLO DE 2015**

*(A información contida no punto 5- REGULARIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓN E LICENZAS DE TRANSPORTE PUBLICO DE PERSOAS foi editado para a eliminación de datos persoais)*

Na casa consistorial de Tordoia sendo as doce horas e vinte minutos, do día trinta de xullo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Antonio Pereiro Liñares

**Concelleiros:**

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup>. Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

**Secretario acctl.:**

D. Alfonso García Ferreira

**Non asiste (xustifica a súa ausencia):**

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño

**ORDE DO DIA**

- 1- TOMA DE POSESION DE DON CARLOS GARCIA VAZQUEZ E DON TOMAS CASTRO LIÑARES COMO CONCELLEIROS DO PS de G - PSOE.-
- 2- ESCRITO DE CONSTITUCIÓN DE GRUPO POLITICO MUNICIPAL PS de G-PSOE.-
- 3- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-
- 4- DACIÓN CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA.-
- 5- REGULARIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓN E LICENZAS DE TRANSPORTE PUBLICO DE PERSOAS EN VEHIICULOS DE TURISMO -TAXI - NO CONCELLO DE TORDOIA.-
- 6- INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.-
- 7- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- TOMA DE POSESIÓN DE DON CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ E DON TOMÁS CASTRO LIÑARES COMO CONCELLEIROS DO PS de G - PSOE.-**

Infórmase do escrito que presenta don Carlos García Vázquez e don Tomás Castro Liñares, con data 27 de xullo de 2015, xunto coas credenciais asinadas pola Presidenta da Xunta Electoral

de Zona de Santiago de Compostela con data 29 de maio de 2015 pola que se designa concelleiros do concello de Tordoia polas listas do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE (PSdG-PSOE). Igualmente fáise constar polo Secretario que figuran na Secretaria Xeral do Concello e debidamente rexistradas as declaracións de intereses e causas de posibles incompatibilidades e actividades, así como de bens patrimoniais de ámbolos dous.

Comprobadas as credenciais, procédese a dar cumprimento ao artigo 108.8 da Lei de réxime electoral xeral que literalmente di: “no momento de tomar posesión é para adquirir as condicións dos seus cargos, os candidatos electos deber xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demas requisitos previstos na Lei ou Regulamento respectivos”.

Visto o artigo 1º do Real Decreto 707, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento ou promesa en cargos e funcións públicas, o Alcalde - Presidente procede a tomar xuramento ou promesa a don Carlos García Vázquez, por lectura do citado artigo:

Don Carlos García Vázquez: ¿ Xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Tordoia, con lealdade a El Rey, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?:

Constestando don Carlos García Vázquez: si, promete.

O señor Alcalde-Presidente dalle posesión do seu cargo.

Don Tomas Castro Liñares: ¿ Xura ou promete pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Tordoia, con lealdade a El Rey, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?:

Constestando don Tomás Castro Liñares: si, xuro.

O señor Alcalde-Presidente dalle posesión do seu cargo.

## **2.- ESCRITO DE CONSTITUCIÓN DE GRUPO POLITICO MUNICIPAL PS de G-PSOE.-**

Dase conta do escrito presentado polos candidatos electos PSdG-PSOE, don Carlos García Vázquez e don Tomás Castro Liñares, e que tomaron posesión dos seus cargos como concelleiros no punto anterior, relativo á constitución de grupo político municipal de data 27/07/2015 e número de rexistro de entrada 952, e polo tanto dentro do prazo legal fixado polo Real decreto 2568/1986, designando como voceiro do grupo, a don Carlos García Vázquez e suplente a don Tomás Castro Liñares, tal como se determina no artigo 75.2 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e 24 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.

Polo tanto queda constituído o seguinte grupo:

- GRUPO POLÍTICO COAS SIGLAS DE PSdG-PSOE: sendo voceiro don Carlos García Vázquez e suplente don Tomás Castro Liñares.

Non producíndose intervencións, o Pleno toma coñecemento da constitución do grupos políticos municipal e de designación do seu voceiro e suplente.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

O Presidente e os concelleiros que asistiron ás sesións anteriores, se procede aprobar as actas das que se lle entregou copia xunto coa convocatoria deste Pleno.

Toma a Palabra a sra. García Pereiro (BNG) para manifestar o seguinte:

- Na acta nº 7 da sesión do 3 de xullo de 2015 de constitución da corporación municipal, no apartado onde fai a súa intervención dixo que non tomaba posesión de momento, por respecto aos concelleiros do PS de Galicia-PSOE, porque tiñan presentado un recurso ante a Xunta Electoral.

- Na acta nº 8 da sesión celebrada o 10 de xullo de 2015 no punto 3º de fixación da periodicidade das sesións, figura como abstención e votou en contra. No punto nº 9 sobre o réxime de indemnizacións dos membros da corporación figura o seu voto como abstención e foi en contra.

Facendo as anteriores correccións sométese a aprobación dos concelleiros sendo aprobada por unanimidade dos asistentes, coa salvedade de que os 2 concelleiros do PSdG-PSOE non toman parte nesta votación por non formar parte anteriormente da Corporación.

### **4.- DACIÓN CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA.-**

Pola Presidencia dáse conta dos Decreto e Resolucións da Alcaldía dictados dende o 15 de xuño de 2015 ata o 27 de xullo de 2015, comezando no número 66 e rematando no 113, facendo constar o Alcalde que existe un erro na transcripción do número 91 sobre creación da Xunta de Goberno e periodicidade das sesións e delegación de competencias do Pleno, por ser este o órgano que ten que facelas; o Decreto nº 98 aparece en branco polo que procede a súa anulación por Dilixencia da Secretaría.

Por don Carlos García, (PsdG-PSOE), solicítase aclaración do número 103, sobre as partida orzamentarias, ao que o Alcalde respóndelle sobre as dúbidas existentes indicando que ese número e aplicación orzamentaria que figura no orzamento.

### **5.- REGULARIZACIÓN DAS AUTORIZACIÓN E LICENZAS DE TRANSPORTE PUBLICO DE PERSOAS EN VEHIICULOS DE TURISMO -TAXI - NO CONCELLO DE TORDOIA.-**

A recente Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, regula tanto a actividade do taxi como a do transporte en réxime de arrendamento de vehículos con condutor, establecendo por primeira vez unha regulación legal a nivel autonómico nesta materia, materializada ao abeiro da competencia autonómica exclusiva sobre o transporte de viaxeiros por estrada. Así establece que as dúas administracións, concellos dentro do seu termo municipal e Xunta a nivel autonómico, deben actuar coordinadamente na emisión e xestión dos respectivos títulos habilitantes.

En aplicación da mesma, e segundo disposto nas Disposición transitorias cuarta e quinta, por decreto nº 23/2015 dictado por esta Alcaldía en data 23 de Marzo de dous mil quince, procédese iniciar o expediente de regularización das licenzas de taxi e autorización interurbana existentes no Concello de Tordoia, concedendo un prazo de dez días aos titulares

das licenzas que figuran nos expedientes da súa razón e que lle foron outorgados por esta Corporación para que acreditasen a súa explotación ou alegasen o que estimasen por conveniente.

Transcorrido o prazo sinalado acredita a súa explotación don J. V. C., quen ven desempeñando a licenza e autorización co vehículo XXXX-XXX. Presenta escrito don J.M.G.R. quen lle foi autorizada polo Pleno desta Corporación con data 31 de xullo de 2014 a correspondente licenza destinando o vehículo matrícula XXXX-XXX e estando interesado en seguir prestando o servizo público previos os trámites, informes e procedementos regulamentarios.

Por último non presentan alegacións nin acreditan a explotación das licenzas de taxi: Don J. D. G., Don J.O.C.F., Don C.R.F.C., Don M.C.M., Dona M.B.S., Dona M.C.G.S., Don F.G.B. e don A.F.P..

Por todo o exposto esta Alcaldía propón ao Pleno:

“Primeiro.- Segundo dispón a Disposición Adicional cuarta, a caducidade das seguintes licenzas de taxi: Don J. D. G., Don J.O.C.F., Don C.R.F.C., Don M.C.M., Dona M.B.S., Dona M.C.G.S., Don F.G.B. e don A.F.P..

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 16, en concordancia cos 6 e 7 da citada Lei4/2013 e tendo en conta que a cifra de poboación deste Concello determinada polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2015 é de 3.591, solicitar da Dirección Xeral de Mobilidade, Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, a emisión do informe referente ao outorgamento das autorizacións interurbanas de taxi que lle correspondan a este Municipio, para convocar concurso para a súa adxudicación das novas licenzas e autorizacións.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados.”

Polo Secretario infórmase da normativa que regulariza das licenzas e autorizacións de taxi así como dos trámites levados a cabo, estando presentes no expediente que se trae á sesión.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía queda aprobada por maioría absoluta dos concelleiros asistentes: 7 (P.P.), e 3 abstencións (PsdG-PSOE e BNG), facendo constar o PsdG-PSOE que é por descoñecemento da Lei e do expediente.

## **6.- INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.-**

Toma a palabra o Alcalde para informar sobre:

A) Convenio de Incendios asinado entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Tordoia e Trazo, a través do cal se subvenciona a contratación de persoal e compra de desbrozadoras, para a limpeza e mantemento para evitar os incendios forestais.

B) Da execución dos traballos de parques infantís no Punto de Atención á Infancia.

C) Da próxima entrada en funcionamento prevista para o primeiro de setembro do punto de atención á infancia cos rapaces matriculados e da selección provisional de persoal para desenvolver o traballo.

## 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Pola Presidencia dase a palabra aos voceiros dos grupos por se desexan formular algún rogo ou pregunta.

Toma a palabra a concelleira Sra. García Pereiro (BNG) para preguntar se hai algunha xestión ou solución para ver algúns canais de televisión no municipio, xa que hai varios que non se sintonizan.

Responde o sr. Alcalde que non é competencia do Concello. Que houbo subvencións doutras administracións para colocar repetidores, e de feitos colocouse algún en diversos lugares do Concello, pero que de momento o que queda e resolver estas deficiencias a nivel dos usuarios.

Toma a palabra sr. García Vázquez (PsdG-PSOE) para dicir que trouxera ao Pleno hai máis ou menos 1 ano unha moción ao respecto, manifestando a continuación que, ao seu parecer, se debe sufragar por parte da Xunta de Galicia ou outras administración a colocación de aparellos a través de empresas do ramo, pero non a cargo dos concellos.

Toma a palabra o sr. Alcade para dicir que a súa idea e facer un estudo das deficiencias existentes, tanto de telefonía como da T.V., dando audiencia aos veciños, e cando saira algún programa de dotación económica por parte da Xunta de Galicia, darlle trasalado dos lugares e puntos nos que non hai boa cobertura ou sinal.

Seguidamente toma a palabra o voceiro do PsdG-PSOE, sr. García Vázquez, que quere facer un anticipo das preguntas que presentará no seu día por escrito:

- Solicitar a nulidade dos 2 últimos celebrados polo Pleno, porque non se lle entregaron a Xuntas de Goberno Local dos últimos 4 anos.

- Respecto das dietas dos concelleiros, manifesta denunciar o acordo das asignacións, renunciando a súa por unha falta de repeto a asignación, aceptando a mesma que se lle pagaba na anterior lexislatura.

- Referente ao Punto de Atención á Infancia, quere saber si algún neno quedou fóra por motivo de non estar empadroadado. Responde o Alcalde que non existe este caso de exclusión, en todo caso, só no caso de que haxa algún deste Concello que quede fóra por haber outro dalgún municipio.

- Pola recente Festa de San Isidro xestionada por parte do Concello, competencias, decreto especial, etc.

- Derribo da fonte da praza do Concello, si se identificaron aos que o fixeron e que medids se van tomar ao respecto.

- Incorporación a Comisión de Contas.

- Sobre os escritos que presentou sobre as licencias de Obras en Vila de Abade e en Carballadrade, que non foron contestados os recursos de reposición á legalidade que presentou.

Por último e como Rogo solicitar o arranxo da estrada Provincial de Santaia a Cabaleiros, á altura do tunel do tren, co fin de que a amplien cun sobre ancho de 20 metros e solicitar á Deputación que se pronuncie antes do 15 no que van ser debatidos no Senado.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as trece horas e cuarenta minutos do que eu, Secretario, dou fe.

O Alcalde,

O Secretario Acctal.,